


Premio Nacional de Narrativa Infantil e Xuvenil 2009

Alfredo Gómez Cerdá (Madrid, 1951)



Alfredo Gómez Cerdá foi galardoado co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil correspondente a 2009 pola súa obra *Barro de Medellín*. O autor comezou a escribir aos 11 anos e a partir de 1982 decantouse pola literatura infantil e xuvenil. Colaborou en prensa e revistas. Escribiu ademais varios guións para banda deseñada. En 2008 recibiu o “Premio Ala Delta” por *Barro de Medellín* e o “Premio Cervantes Chico” polo conxunto da súa obra.

O **Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil** distingue unha obra de autor español, escrita en calquera das linguas oficiais do Estado e editada en España durante 2008. *Barro de Medellín* é unha historia deliciosa onde, a pesar da dureza dalgúns momentos, non carga as tintas. Céntrase máis nas ilusións, nas dúbidas e nas aventuras dos amigos, que na situación de Camilo que, a pesar de vivir nun barrio deprimido de Medellín e ter unha triste situación familiar, é feliz no seu entorno e co seu amigo Andrés. Por casualidade, ambos entran un día na biblioteca e Camilo aproveita para roubar un libro, que cambiará pola botella de augardente para seu pai. Volverá a repetilo até que a bibliotecaria Mar os descubre... se é que non os descubrira antes...



Premio Nacional de Narrativa 2009

Kirmen Uribe (Ondarroa, Biscaia, 1970)



O poeta e narrador en lingua vasca Kirmen Uribe é o gañador do premio Nacional de Narrativa 2009 pola súa novela *Bilbao-New York-Bilbao*, coa que recibiu o Premio da Crítica de Narrativa en éuscaro en 2008. Traballou como profesor, tradutor e guionista. Realizou proxectos multimedia combinando literatura e diferentes disciplinas artísticas. Publicou en revistas como *The New Yorker* e colabora en diversos medios de prensa escrita no País Vasco. En 2001 publicou o libro de poemas *Bitartean heldu eskutik (Mientras tanto dame la mano)*, aínda que tamén escribiu varios libros de literatura infantil e xuvenil, como *Garmendia* (2003) ou o conto *Guti*.

O **Premio Nacional de Narrativa** distingue unha obra editada durante o ano 2008, escrita en calquera das linguas cooficiais do Estado español. O libro premiado aúna varios xéneros literarios como poesía, ensaio, cartas e diarios, cunha estrutura novidosa e, nun xogo intelixente co lector, describe a viaxe do autor desde o aeroporto de Bilbao ao aeroporto JFK de Nova York, mentres escribe a historia de tres xeracións da súa familia. Será publicado en castelán en 2010.

